

# NOTA DE PRENSA

## ABERTO O PRAZO PARA SOLICITAR A PRESTACIÓN POR FILLO MENOR A CARGO

O departamento de Servizos Sociais do Concello de Boiro informa da convocatoria (DOG 10 de maio de 2010) da prestación familiar por fillo menor a cargo.

### **Persoas beneficiarias:**

Persoas que teñan ao seu cargo fillos menores de 3 anos na data de 1 de xaneiro de 2010 (nados entre o 02.01.07 ao 01.01.10 incluídos) e que, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2008 nin elas nin ningún dos membros da unidade familiar estivesen obrigadas a presentar a declaración do IRPF.

### *Quedan excluídas:*

As unidades familiares nas cales os seus ingresos considerados de forma individual ou conxunta, superasen no exercicio 2008 os 22.000 €.

A axuda consistirá no pagamento único de 360 € por cada fillo menor de 3 anos.

O **prazo** de presentación de solicitudes rematará o vindeiro 19 de xuño.

Para máis información dirxirse ao departamento de Servizos Sociais do Concello de Boiro (de martes a venres de 8:00 a 13:00)